



## Concello do Grove

---

### CERTIFICADO

David Veiga Sierra, secretario do Ilmo. Concello do Grove (Pontevedra), no exercicio das funcións de fe pública que me confire o artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional e o resto da normativa vixente,

### CERTIFICO:

**PRIMEIRO.** Que, na sesión ordinaria do Pleno realizada o **día 31 de xaneiro de 2023** adoptouse, por unanimidade dos seus membros presentes, o seguinte acordo :

**“EXPEDIENTE 3570/2022. DITAME DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS TARIFAS URBANAS DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DO GROVE**

A Comisión Informativa Xeral reunida o día 25-01-2023 ditaminou favorablemente por 4 votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 abstencións dos Grupos municipais do PP, EU e BNG, o seguinte asunto:

### [PROPOSTA DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Proposta de aprobación da modificación das tarifas urbanas do servizo de taxi no Concello do Grove  
Expediente: 3570/2022

### Antecedentes

-O presidente de “Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra Capital y Municipios

---

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358





## Concello do Grove

---

de la Provincia” presentou o 30 de setembro de 2022 unha proposta de actualización das tarifas urbanas, acompañada do estudo económico correspondente, solicitando a súa aprobación.

-A última aprobación das tarifas urbanas do servizo de taxi vixentes neste concello data do exercicio **2015**.

-O 18 de novembro de 2022 publicouse no *BOPPO* a exposición pública da modificación das tarifas urbanas de taxi no Concello do Grove para o ano 2023, solicitada polo presidente da citada asociación, concedéndolle aos interesados un prazo de quince días hábiles para que puidesen alegar o que estimasen pertinente antes da súa resolución, así como, poder consultar o expediente.

-Rematado o prazo de alegacións, o 14 de decembro de 2022 certificouse que non se presentaron alegacións ou reclamacións ningunhas.

### Consideracións legais e técnicas

-Visto o artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia no que se establece:

“40.1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

[...]

40.3. As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de maneira excepcional, **cando se producise unha variación nos custos que altere de xeito significativo o equilibrio económico da actividade.**

40.4. As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ...

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.”

-Visto o artigo 46 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, que indica o seguinte:

“46.1. De acordo co que establece o artigo 40.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, as tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais, con carácter xeral. Nese sentido, as tarifas aprobadas e/ou as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles ás persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior ao da súa aprobación.

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358





## Concello do Grove

---

Os informes de órganos colexiados que resulten preceptivos para a aprobación das tarifas ou das súas revisións deberán ser solicitados dentro do terceiro trimestre do ano anterior a aquel en que vaian ser efectivas.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, **tamén se poderán revisar as tarifas excepcionalmente cando se produza unha variación nos custos que altere de xeito significativo o equilibrio económico da actividade. Estas revisións excepcionais non estarán suxeitas a limitacións temporais para entrar en vigor.**”

-O Real decreto 2695/1977, do 28 de outubro, sobre a normativa en materia de prezos, do Ministerio de Comercio e Turismo, establece que o servizo de taxis está sometido ao citado réxime de prezos autorizados, e o Decreto autonómico 106/1984, do 24 de maio, establece a composición, regulación e funcións da Comisión de Prezos de Galicia.

-Xustificación da **revisión de tarifas excepcional** (art. 40.3 da Lei 4/2013 e art. 46.2 do Decreto 103/2018):

- No estudo económico achegado pola asociación citada (Introdución, páx.3) destaca que a solicitude de revisión de tarifas venlle imposta polos continuos incrementos dos custos de explotación desde que foi aprobada a **tarifa vixente no 2015**.

Desde entón a economía, e concretamente o sector servizos, sufriu de primeira man a crise derivada polo COVID-19 e logo, un nova crise enerxética que lle incrementou o prezo dos combustibles e dos vehículos repercutindo de xeito grave na súa actividade.

A retardación económica derivada do incremento dos custos da vida, fan prever unha redución no uso do servizo de taxi, que se traduce en menos esperas e percorridos máis curtos. É preciso, polo tanto, axeitar as tarifas do servizo de taxi para poder cubrir os gastos previstos para o exercicio 2023, o que representa un incremento aproximado do 6,7% de media sobre as tarifas actuais. De non alcanzarse este obxectivo, este sector verase gravemente afectado, non acadando os ingresos necesarios para cubrir a previsión de gasto.

- Polos motivos expostos, enténdese que procedería revisar as tarifas excepcionalmente ao producirse unha variación nos custos que alteran de xeito significativo o equilibrio económico da actividade, e que polo tanto, cumpriría os requisitos establecidos nos artigos 40.3 da Lei 4/2013 e 46.2 do Decreto 103/2018.

De conformidade cos antecedentes e disposicións citadas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358





## Concello do Grove

**Único.** Aprobar a seguinte modificación das tarifas urbanas do servizo de taxi no Concello do Grove, que entrarán en vigor no ano 2023, unha vez sexan autorizadas pola Comisión de Prezos de Galicia (Dirección Xeral de Comercio e Consumo):

### TARIFAS 2023 (IVE incluído ao 10%)

**Tarifa diúrna:** aplicable en días laborais de 6 a 22 horas.

**Tarifa nocturna:** aplicable en días laborais de 22 a 6 horas, sábados desde as 15 horas, domingos, festivos (locais e autonómicos), 24 e 31 de decembro.

Conceptos aplicables en tarifa diúrna	Base imponible	IVE 10%	Importe con IVE incluído (€)
Percepción mínima (inclúe percorrido de 1.500 m. ou tempo equivalente)	3,64	0,36	4,00
Quilómetro percorrido	1,02	0,10	1,12
Hora de espera	15,72	1,57	17,29

Conceptos aplicables en tarifa nocturna / festivos	Base imponible	IVE 10%	Importe con IVE incluído (€)
Percepción mínima (inclúe percorrido de 1.500 m. ou tempo equivalente)	4,36	0,44	4,80
Quilómetro percorrido	1,23	0,12	1,35
Hora de espera	18,85	1,89	20,74
Suplementos	Base imponible	IVE 10%	Importe con IVE incluído (€)
Vultos ou maletas (agás cadeiras de persoas con discapacidade ou cadeiras de nenos)	0,59	0,06	0,65
Traslado de mascotas (agás cans guías)	0,97	0,10	1,07

]"

**SEGUNDO.** Que o día 06-02-2023 tivo saída deste concello, polo Rexistro municipal (2023-S-RC-239), a petición á Dirección Xeral de Comercio e Consumo (Comisión de Prezos de Galicia) para que autorizase a aplicación da modificación das tarifas urbanas do servizo de taxi no Concello do Grove por revisión.

## Concello do Grove





## Concello do Grove

---

**TERCEIRO.** Que o día 10.03.2023 recibíuse neste concello, no Rexistro municipal (2023-E-RC-1148), a Resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo autorizando a aplicación das tarifas solicitadas, dada conta do informe favorable adoptado pola Comisión de Prezos de Galicia.

Da Comisión de Prezos piden que se especifique **a gratuidade dun vulto por persoa, tal e como se establece no artigo 24.g) do Decreto 103/2018**, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, e transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, por orde e co visto praxe do Sr. alcalde.

Documento firmado electronicamente

---

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358

